



Consello de Galiza

Buenos Aires, 22 de noviembre de 1959.-

Señor
D. César Alvajar
Delegado do Consello
de Galiza en París
Rue D'Assas 78
París VI-Francia.-

Querido Alvajar:-

Contesto á tua derradeira, datada o 22 do pasado mes de outono, de cuio contido temos tomado boa nota. E vamos por partes.-

PARTICIPACION GALEGA NO CONXUNTO DE FORZAS DEMOCRATICAS: Trátase, según colixo, do mesmo conxunto que rechazou no seu día a admisión das "Irmandades Galegas" de América, alegando non seren especificamente un partido político. Coincidimos tí é nos naquel intre, que se trataba dun mal pretexto pra non incorporar o problemas de Galicia ós outros problemas peninsulares, que soportan por non ter mais remedio.-

Pola nosa parte mantemos nas irmandades eiquí, o noso vello punto de vista, planteado por Castelao: Na emigración non debe haber partidos políticos, xa que non hai eleicións. Debe de haber, en troques, institucións patrióticas que loiten pola liberdade, contra a ditadura e a prol da autodeterminación política de Galicia, cuos memebros poden pertencer -e pertencen- a distintos seitores ideolóxicos e políticos de siño nidiamente democrático, republicano e antitotalitario. Esto són as Irmandade e esto seguirán sendo. E non limitarán iste seu carácter, reducindo a un partido político.-

Agora ben, neste carácter, as Irmandade de América, terían gusto en participar, aítuar, apoiar e traballar no Comité de París, firmando e suscribindo as decisións que ahí se adouten en contra do réximen, sempre que se consideren os problemas das nacionalidades parellamente con vascos e cataláns. A iniciativa non ten que ser agora nosa, habida conta de que xá tivemos unha negativa. O teu fillo Xavier falame de certos tanteos pra que no Comité "reconsideren" a posibilidade de que inviten ós galegos a participar. Nese caso terían que invitarte a tí oficialmente como delegado das Irmandade, tí comunicariáanos a nós a invitación e de aquí iríache a confirmación é o apoio mais absoluto.-

De non ser así, no caso de qué aparecesen novos documentos, sín a presenza de Galicia, nosoutros publicaríamos aquí, declaracións e manifestos, en mitins e demáis, desautorizando, en nome dos galegos emigrados, ises testos. Chegaríamos, incluso, a non seguir mantendo as relacións que oxe mantemos, coas demáis institucións democráticas e republicanas peninsulares, incluso cos vascos e cos cataláns. Estamos cansados de ser humildes e silenciosos. A prudencia republicana e democrática, tamén ten seus límites. Dende agora, quedas autorizado a facer o uso público ou privado que ocido comenente, do párrafo que antecede, nos medios do Comité de París, e nos demáis me-



dios políticos, sindicais e culturais da emigración en Francia.-
Tamén tomamos nota encol do que dis sobre reorganización do goberno republicano en exilio, en cuio tema coincidimos en absoluto.-

DIVULGACION DE GALICIA: Refírome os propósitos do Profesor de Historia, M. Georges Peyronnet, e ó seu traballo sobre "Regionalismos españoles". Si necesitas documentación pra informalo, trata de establecer que aspectos lle interesan de Galicia: ¿geográficos-políticos? ¿Literarios, culturais ou históricos? A vista das respostas mandarémolhe textos axeitados.-

Igual che digo sobre "Cuadernos". Interésanos, especialmente, destacar o aspecto político da Galicia republicana, democrática e federalista, a súa historia cultural e literaria e, si fose posible unha semblanza dos seus problemas económicos. A vista do número que lle adiquen a Cataluña e que tí nos mandarás nin ben saia, poderanos orientar pra que o noso sexa millor.-

ACCION REPUBLICANA DEMOCRATICA: Acaba de fundarse aquí a Sección argentina de A.R.D. de cuia fundación che remito copia. Naceu morta, entre ancianos, "gallos y medias noches". Non ingresaron nela membros de U.R. y J.R. por estar divididos dentro do Centro Republicano Español. Na Directiva hay dous bos gallegos: Severino Iglesias, alcalde de Noya, de J.R. é Sánchez Rivas de U.R. de Ordenes. Como xa che dixera noutra anterior, mantemos con eles boas relacións persoais e políticas e, que seguirán, según sexan as súas posicións con referencia a Galicia.-

DON XESUS CANABAL: Abaira foi á boda da súa filla Delia coa representación de todo o noso grupo. El virá a Buenos Aires o día 28 do mes en curso é darémolhe unha cea ~~de~~ honor, na que se lle fará entrega do primeiro exemplar do libro do "Primeiro Congreso da Emigración Gallega" que él presidíu con outa xerarquía e sabidote prudente. ¡Gran galego e gran cabaleiro é certamente este noso don Xesús Canabal!

Na cea trataremos, claro está, algúns problemas do galeguismo na Argentina e no Uruguay, entre outros o da Delegación en París especialmente no orden económico.-

E nada mais por oxe. Sáúdos fraternos e cordiais de todos e unha forte aperta do teu sempre amigo,

Ramón Suárez Picallo

Ramón Suárez Picallo